

DOMINGO 1 DO ADVENTO (B)

PRIMEIRA Is 63, 16b-17. 19b; 64, 2b-7:

¡Ai, se racháse-lo ceo (e) baixases!

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Ti, Señor, e-lo noso pai, o "noso Redentor desde sempre" é o teu Nome. ¿Por que, Señor, nos deixaches descarriar lonxe dos teus vieiros, e fixeches endurece-lo noso corazón apartándose do teu respecto?

¡Cambia de actitude por amor dos teus servos, por amor das tribus da túa herdanza!
¡Ai, se racháse-lo ceo (e) baixases! ¡Coa túa presenza rebulirían os montes, Baixaches, (e) coa túa presenza tremeron os montes: unha cousa que desde antigo nunca se oíra, (pero) certo que se nos fixo escoitar: O ollo non viu fóra de ti ningún deus, que tal lle faga a quen espera nel.

Atopácheste co que se alegraba e practicara a xustiza, cos que se lembraban de ti nos teus vieiros. Velaí: estabas enfadado porque pecáramos, (pero) estaremos sempre nos teus vieiros e salvarémonos. Todos nós fomos coma un impuro, e toda a nosa xustiza como a roupa da menstruante. Todos nós murchamos coma a folla, e as nosas iniquidades leváronnos coma o vento. Non había quen invocase o teu nome, quen espertase para acollerse a ti, porque ti escondícheno-la túa cara, e alagáchesnos co lote das nosas culpas.

Pero agora, Señor, ti e-lo noso Pai. Nós sómo-lo barro e ti e-lo oleiro, pois obra das túas mans somos todos nós.

SAL. RESP. Sal 79, 2ac e 3b. 15-16. 18-19

R/ (4): Deus, convértenos, ilumina sobre nós o teu rostro e salvarémonos

Escoita, pastor de Israel,
ti que sentas sobre os querubíns,
esperta o teu poder e ven salvarnos.

Da a volta, Deus dos exércitos,
olla desde o ceo e ve.
Atende esta vide,

este sarmento que plantaches coa túa man,
o bacelo que ti fortaleciches.

Que a túa man protexa ó teu elixido,
o home que ti fortaleciches.
19 Non nos afastaremos máis de ti;
danos vida de novo, e invocáremo-lo teu nome.

SEGUNDA 1 Cor 1, 3-9:

Esperámo-la manifestación do noso Señor Xesús Cristo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO ÓS CORINTIOS

Irmáns e irmás: desexámosvos gracia e paz de parte de Deus, noso Pai, e do Señor Cristo. Non paro de lle dar grazias a Deus por vós, pola gracia de Deus que se vos deu por medio de Cristo Xesús. 5 Porque por medio del quedastes ricos en todo, nos dons da palabra e do coñecemento: 6e así confirmouse solidamente entre vós o testemuño en favor de Cristo. De xeito que non carecedes de ningún don, mentres agardáde-la revelación do Noso Señor Xesús Cristo. El é quen vos manterá firmes deica á fin, para que ninguén vos poida acusar de nada no día do Noso Señor Xesús Cristo. Deus é fiel e foi El quen vos chamou á comunidade do seu Fillo Xesús Cristo, noso Señor.

ALELUIA Sal 84, 8:

Móstranos, Señor, a túa misericordia, e dáno-la túa salvación

EVANXEO. Mc 13, 33-37:

Estade á espreita: non sabedes cando vai chega-lo señor da casa

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Dilles Xesús ós seus discípulos: Estade á espreita e atentos, que non sabedes cando será o momento. É coma un home que foi ó estranxeiro, deixando a casa e maila facenda nas mans dos seus criados, encargándolles a cada un o que tiña que facer; e ó porteiro ordenoulle que velase.

Vixiade vós, polo tanto, pois non sabedes cando chegará o amo da casa: se á tardiña ou con noite cerrada, se co canto do galo ou no amencer. 36 Non vaia ser que chegue de repente, e vos atope durmindo. E o que vos digo e vós, tamén llelo digo a todos: ¡Estade en vela!